

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 22
DE ABRIL DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2220 o día 19 de abril de 2021, xunto co resto dos rogos e coas preguntas presentadas ás comisións informativas.

1º Varias son as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se interesou pola correcta utilización do parque móbil do Concello de Cambre, cuxos automóviles deben ser utilizados en horario e para funcións exclusivamente referidas aos labores propios do persoal municipal pertinente.

Fronte a iso, son numerosas as queixas veciñais que refiren a presenza e utilización dos devanditos vehículos en horario e lugares incompatibles coas devanditas funcións; como a presenciada esta fin de semana polos veciños de O Temple, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se reitera a necesidade de que os vehículos do parque móbil do Concello de Cambre sexan utilizados en horario e para funcións exclusivamente referidas aos labores propios do persoal municipal ao que corresponde a súa utilización.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo. Engade que os vehículos municipais xa son utilizados polo persoal do Concello que o pode utilizar para cumprir coas súas obrigas para co Concello e para cos veciños e veciñas de Cambre.

2º Persistindo no tempo a falta de publicación das videoactas dos plenos municipais celebrados en Cambre de forma telemática, incluído o pleno ordinario do 27 de maio de 2020, tanto os celebrados a través da plataforma Councilbox contratada polo noso Concello no mes de abril de 2020, como os levados a cabo a través da Plataforma Zoom, desde o Grupo Municipal Popular interésase:

- Que se publiquen o máis axiña posible as videoactas de todas as sesións plenarias celebradas de forma telemática desde o pasado mes de maio de 2020.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo, porque, di, é imposible integrar os vídeos da plataforma Councilbox co sistema de videoacta. Engade que nunca o vídeo deses plenos serán unha videoacta, porque non están certificados como tal e que as actas as teñen por escrito, recollendo todo canto se dixo no pleno.

3º Que se remita a este Grupo Municipal Popular, así como ao resto de grupos da oposición municipal, informe e documentación acreditativa das xestións levadas a cabo polo noso concello cos titulares e/ou contratistas da Plataforma Councilbox, para liquidar os problemas observados na súa utilización.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo. Engade que as incidencias que ían xurdindo resolvíanse no momento, a través de chamadas e mensaxes que intercambiaban o funcionario do departamento de informática cos responsables da plataforma.

4º Que se remita a este Grupo Municipal Popular, así como ao resto de grupos da oposición municipal, copia do contrato, facturas e xustificantes de pago que acrediten o custo que para as arcas municipais supuxo dita contratación errada.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo, pero insiste en que non comparte ese cualificativo de fallido que empregan.

| | |
|-------------------|---|
| Rogo de EU | Son en Común, presentado oralmente |
|-------------------|---|

Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, expón que dende hai tempo ven formulando unha cuestión que a día de hoxe ninguén lle resolveu. Di que ten presentadas no rexistro do Concello moitas solicitudes de petición de documentación e que lle indican que ten que vir recollela de forma presencial, que os documentos non poden andar por aí.

Di que non está solicitando ver o expediente, que está solicitando copias de documentos que obran no expediente. Engade que pensou en autorizar a alguén para que viñera recoller a documentación pero que, consultado o tema con especialistas, indicáronlle que ten dereito a recibir esa documentación de forma telemática polo que, considerando que se lle está a conculcar este dereito, formula este rogo de forma oral para que se resolva esta situación pois entende que é un dereito que lle asiste e que ela está cumprindo a súa parte poñendo todos os medios electrónicos a disposición do Concello, xa que por motivos laborais non pode desprazarse ao Concello, salvo causa debidamente xustificada.

O señor alcalde contesta que queda formulado o rogo e que o falará coa secretaria xeral para dilucidar como debe resolverse esta cuestión e que el non pon impedimento.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que el xa tratou este tema directamente con altos funcionarios do Concello porque non entende que se lles obrigue a vir de forma presencial a recoller a documentación e entende que estas dificultades deben ser interpretadas ao abeiro do disposto pola Valedora do Pobo, que recentemente lle indicou ao Concello que, en caso de dúbida, se resolva a favor da participación política, un dereito fundamental.

O señor alcalde conclúe este punto indicando que será a secretaria xeral a que resolva esta cuestión.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2220 o día 19 de abril de 2021, xunto cos rogos e coas demais preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª Á vista da celebración de sesións de órganos colexiados do noso concello a través da Plataforma Zoom, descartando a utilización da plataforma Councilbox contratada polo noso concello no mes de abril de 2020, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Tense resolto o contrato fallido co titular/contratante da plataforma Councilbox?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non se resolveu ningún contrato fallido. Engade que se comprou unha licenza para utilizar a plataforma durante un ano, e rematado ese tempo decidiuse non renovar a licenza, que era a única plataforma que, naquel momento, podía acreditar que os concelleiros estaban asistindo ao pleno dende territorio español, así como a emisión vía “*streaming*” dos plenos telemáticos.

2ª Tense aplicado algún tipo de penalización/bonificación derivada da imposibilidade de utilizar a dita plataforma para o fin para o que foi contratada?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a plataforma Councilbox tiña como función permitir o desenvolvemento de plenos telemáticos e reunións telemáticas dos funcionarios. Esa función cumpríuse

3ª Cal é o custo que supuxo para as arcas municipais a contratación da plataforma Councilbox?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a licenza por un ano tivo un custo de 4.719 euros.

4ª Cal é o custo que supón para o Concello de Cambre o mantemento da dita plataforma?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non supón custo ningún xa que, pasado o ano, non se renovou a licencia.

5ª Cal é o custo que supón para o noso concello a utilización da plataforma Zoom?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o custo de Zoom é de 194,21 euros ao ano.

6ª Tras ter sido arquivada a denuncia presentada polo Concello de Cambre contra o alcalde de Oleiros polas manifestacións levadas a cabo en época preelectoral, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente: Cal foi o custo da dita “ocorrencia” para as arcas municipais?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a día de hoxe o concello aínda non pagou nada por ese procedemento e hai un contrato menor adxudicado por importe máximo de 5.468,21 euros e que o que se fixo foi dar cumprimento a un acordo plenario no que se decidiu defender o traballo dos funcionarios do Concello de Cambre despois de que se vertesen declaracións onde se poñía en dúbida o seu traballo.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2220 o día 19 de abril de 2021, xunto co resto dos rogos e coas preguntas presentadas ás comisións informativas.

1º Veciños e usuarios da gardería pública do Temple, comunican ao Grupo Municipal Popular, o deficiente estado no que se atopa a parcela situada xusto enfronte da entrada á devandita gardería.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, a maleza sen rozar e o estado de abandono e sucidade en que se atopa a dita leira non parece ser a máis idónea, mesmo por razóns de salubridade pública, para un lugar tan frecuentado, entre outros, polos máis pequenos; situada en zona urbana e xunto ás inmediacións dun centro escolar.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se solicita do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para adecuar e limpar a leira situada fronte á entrada da gardería pública do Temple.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se lle comunicou aos propietarios, Solvia e Pedrouzo, coma todos os anos, a súa obriga de manter limpas as parcelas. De non atender o requirimento, engade, o Concello actuará subsidiariamente cargando seguidamente os gastos ocasionados aos propietarios.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregúntalle se pode dar prazos.

Don Juan González Leirós contesta que non poden dar prazos concretos, pero que calcula que sobre dúas semanas e media.

2º Veciños e transeúntes da rúa Francisco Añón, advírtennos das deficiencias existentes no acceso desde a devandita rúa aos garaxes dun dos inmobles, cuxa beirarrúa elevada provoca problemas, con caídas incluídas, sobre todo en época de choivas. Para o que se están levando a cabo obras na dita beirarrúa desde hai meses, tal e como se advirte das fotografías que se achegan; cos evidentes problemas entre eles, de seguridade para os viandantes e usuarios da devandita rúa e de acceso aos aparcamentos. Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa da concelleira que se axilicen as obras que se están levando a cabo no dito lugar.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que neste caso executáronse dúas obras, unha por parte do Concello e outra por parte da Comunidade de Propietarios que foron as que produciron este problema, que era unha acometida no saneamento da comunidade que, unha vez executada, comezou a fundirse, colocáronse as chapas e advertíuselle á comunidade de propietarios para que o reparen. Engade que recoñeceron a súa responsabilidade e que no día de mañá presentarán unha comunicación previa para dar solución a este problema.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que lle comentaron que houbera caídas e pregunta se consta algunha reclamación a este respecto no Concello.

Don Juan González Leirós contéstalle que non lle constan.

3º Veciños de Cambre infórmanos de que na parte traseira do Museo, obsérvanse deficiencias de axardinamento, entre elas, a desaparición das plantas de ornamentación alí existentes, xunto ao descoido e falta de mantemento dos xardíns con céspede e flores que bordean e delimitan o edificio do museo.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa da concelleira competente que se adopten e repoñan as especies que foron arrincadas (parece ser que azaleas), e se leve a cabo o correcto mantemento e limpeza das zonas axardinadas existentes na contorna do museo de Cambre.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que recolle o rogo e que a empresa Orto vai realizar un informe, acondicionar a zona e repoñer plantas.

4º Veciños e usuarios da praza de Manuel Lugo, na parroquia do Temple, advírtenos do deficiente estado no que se atopan os bancos existentes nela, xusto nun momento no que coa chegada do bo tempo máis demandados atópanse.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, o estado do devandito mobiliario público non é precisamente o máis conveniente, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para a substitución ou, no seu caso, reparación, dos bancos existentes na praza Manuel Lugo, do Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se realizou visita de comprobación por un técnico municipal e que efectivamente se constatou o feísmo que esta situación provoca, polo que se procederá a restaurar os bancos e mentres colocaranse uns novos.

5º Transcorridos meses desde a realización de obras de pavimentación e mellora da contorna do parque Ramón Barba no Temple, aínda quedan elementos de obra por retirar da súa contorna, por exemplo, os elementos de separación a modo de valos que impiden ou dificultan o tránsito, tanto peonil como rodado, tal e como se observa na fotografía que se achega.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interese a retirada dos ditos elementos o máis axiña posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que recolle o rogo e que entre hoxe e mañá se retirará.

6º O ano 2019 foi inaugurada a reordenación da contorna das rúas Polígono e Francisco Añón, na parroquia do Temple, obra incluída no Convenio de Cooperación nº. 81/2018, entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre.

Transcorridos máis de 3 anos desde a subscripción do devandito convenio e máis de ano e medio desde a inauguración das devanditas obras, o cartel que as publicita segue instalado na rúa Francisco Añón, xunto a un pequeno monolito que reitera o financiamento e inauguración das ditas obras, tal e como se advirte na fotografía que se achega.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente, que retire o máis axiña posible, polo menos o cartel que anuncia as obras, de cara a retirar das nosas rúas aqueles elementos que menoscaban e deprecian a contorna no que se atopan.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que están de acordo pero que non poden atender esta petición porque os pregos da Deputación obrigan a manter a cartelería durante todo o prazo de garantía da obra, por iso aínda non a retiraron.

Don Juan Abalo Castex, do PP, pregunta cal é exactamente o prazo no que debe manterse a cartelería.

Don Juan González Leirós contesta que segundo a Lei de contratos o prazo de garantía é de un ano pero que ás veces se lles outorga puntuación aos licitadores por ampliar o prazo de garantía. Engade que se está intentando agora eliminar esta obriga de manter a cartelería todo este tempo pero que de momento existe e hai que cumprir.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2222 o día 19 de abril de 2021, xunto coas preguntas presentadas ás comisións informativas.

1º Veciños/as de Altamira déronnos traslado do abandono desta zona por parte do goberno municipal. Son varios puntos que vostedes coñecerán, xa que moitos son históricos e outros xa os reclamaron e solicitaron outros grupos da oposición.

Nós neste caso queremos trasladar a precaria instalación da iluminación pública na vía principal.

Motivo polo cal rogamos a renovación desta iluminación, ante a administración competente.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que recolle o rogo.

2º O equipo de protección civil leva anos sen crecer, o mesmo que pasa coa policía municipal.

Ambos servizos son esenciais, e ambos gañaron máis protagonismo por mor do Covid.

Rogamos se informe da previsión con datas concretas para ampliar os equipo de persoal dos servizos de seguridade cidadá.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que este rogo é de persoal polo que debe volver presentala dirixida á Comisión Informativa correspondente ou que se lle contestará por escrito.

Don Raúl Varela Fraguío contesta que mellor se lle responda por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2220 o día 19 de abril de 2021, xunto cos rogos e coas demais preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª e 2ª Hai meses, por non dicir anos, que o Grupo Municipal Popular solicitou o arranxo de dous farois existentes nas inmediacións da igrexa de Cambre, consistentes, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, na instalación da pertinente luminaria ao báculo que carece dela, así como a enderezar a luminaria torcida que ameazaba caída. Problemas advertidos que subsisten a día de hoxe, razón pola cal, pese ao tempo transcorrido, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Ten intención de cumprir o compromiso adquirido ao respecto?
- Cando se vai enderezar a luminaria torcida e colocar a inexistente?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se está a tramitar unha reclamación de danos, que os técnicos entenden que non ten perigo e que se está buscando un modelo similar de farol. Engade que os danos se deben a un sinistro ocorrido en Semana Santa.

3ª e 4ª Respecto do cumprimento das normas derivadas da pandemia, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao alcalde de Cambre por:

- Causas que motivaron o alarmante aumento do número de casos que provocaron que Cambre pasara desde hoxe luns 19 de abril, do nivel de risco medio ao nivel de risco alto e a realización de varios cribados masivos de Covid-19 nos últimos días aos veciños de Cambre
- Número e causa das multas impostas polo noso concello no último mes nos expedientes sancionadores abertos a persoas e locais á vista das restricións, peches e incumprimentos.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medioambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que posiblemente se deba á redución das restricións en Semana Santa, á relaxación dos coidados, a un ámbito escolar masificado, e á aprobación de varios decretos pola Xunta de Galicia.

5ª Hai xa máis dun ano que o Grupo Municipal Popular trouxo por vez primeira a comisións informativas as queixas dos veciños do Temple, ante a situación de inseguridade existente na praza Uxío Novoneyra, a comisión de actos vandálicos contra o patrimonio público e privado e o enfrontamento dos seus presuntos autores con aqueles veciños que lles recriminaban a súa actitude.

Nas últimas comisións informativas, desde o Grupo Municipal Popular interesouse á concelleira competente que se adoptaran as medidas necesarias para devolver a seguridade á zona, se contestara aos diferentes escritos e solicitudes remitidas por veciños ao Concello de Cambre, e se adoptaran as medidas necesarias para a limpeza do lugar.

Aceptado novamente o rogo, desde o Grupo Municipal Popular interésase que pola concelleira competente se informe das xestións levadas a cabo este último mes para cumprir os compromisos adquiridos coa aceptación do dito rogo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que este é un tema recorrente, que a policía local leva tempo traballando coa garda civil para paliar esta situación, que hai denuncias ao respecto e que é un tema moi sensible porque se trata de menores.

Engade que se está redactando un informe policial con todas as medidas que se foron adoptando e que se lles fará chegar.

6ª A semana pasada, técnicos da Xunta de Galicia desprazáronse ata o Concello de Cambre para continuar coa tramitación administrativa da construción da senda peonil e ciclista na AC-214, ao seu paso pola Xira, Sigrás, e o levantamento de actas previas á ocupación, sendo xeneralizada a pregunta que os veciños afectados realizaban respecto da necesidade de dotar de saneamento aos terreos que carecen del.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente se o Concello de Cambre ten previsto realizar e cando as obras de saneamento necesarias no lugar da Xira.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non comparte o termo “xeneralizada” pois trátase dun par de casos nada máis. Di que o proxecto da Xunta si prevé os pasos necesarios para practicar a conexión ao saneamento sen roturas das obras que se leven a cabo, engade que a Xunta ten unha obra prevista, que hai partes onde non vai beirarrúa e aí quedarán os cruzamentos necesarios para canalizacións e poderán posteriormente levarse a cabo obras relativas á rede de sumidoiros sen romper nada da obra executada.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2222 o día 19 de abril de 2021, xunto co rogo e coas preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª No mes de xaneiro trasladamos as queixas recibidas en varios puntos do municipio sobre o estado das “marquesiñas” das paradas dos autobuses. Trasládannos novamente que non hai novidades ao respecto.

Que actuacións foron realizadas dende o rogo presentado?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Servizos, contesta que se está a elaborar un inventario relativo ao estado das marquesiñas das paradas de autobuses.

2ª Ante a falta de novidades do Plan municipal de emerxencias, preguntamos en que estado se encontra o seu avance?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Servizos, contesta que xa foi á Xunta e que se está a tramitar o procedemento.

Faise constar que cando son as catorce horas e vinte e cinco minutos auséntase da sesión don Raúl Varela Fraguío.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/2213 o día 19 de abril de 2021, xunto co rogo presentado á Comisión Informativa de Cultura.

Única. As seguintes imaxes son do paso de madeira dun dos accesos á zona de espaxamento de animais cara ao paseo da ría.

A varanda esquerda está practicamente solta e zarandéase con só tocala. O primeiro taboleiro tamén perdeu suxeición e ao pisar nel móvese de forma insegura.

Aínda que o seu mal estado en xeral xa ten sido motivo de rogos e preguntas por parte doutros grupos municipais en ocasións anteriores, preguntamos:

Que xestións realizou o concello a día de hoxe para lograr a súa reparación, mantemento e conservación?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Servizos, contesta que, dado que se está ante unha zona de afección de costas, xa foron avisados e proximamente virán velo e reparalo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/2213 o día 19 de abril de 2021, xunto co rogo presentado á Comisión Informativa de Urbanismo.

Único. O pavillón dos Campóns é o único deste concello que carece de portas antipánico que garantan a seguridade e a tranquilidade dos usuarios. Estas portas non están noutras instalacións similares por casualidade, senón porque existen normativas que ordenan o seu uso en espazos onde se aglomeran unha cantidade determinada de persoas.

Por tanto rogamos:

Que o Concello de Cambre realice as xestións necesarias para dotar ao pavillón dos Campóns das portas antipánico adecuadas ás súas necesidades, á maior brevidade posible.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que coñece a Lei de edificación e malia non se estar incumprindo, recolle o rogo, pois o seu obxectivo é mellorar as instalacións municipais.

Don María José García Hidalgo, de C's, di que agradece que se recolla o rogo e que agora hai unha boa temporada para poder arranxalo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2220 o día 19 de abril de 2021, xunto cos rogos e coas demais preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª De todos é coñecido o importante labor que desenvolve a Cruz Vermella, máis se cabe nestes tempos de pandemia.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente que informe sobre o tipo de colaboración existente actualmente entre o Concello de Cambre e a Cruz Vermella.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que a colaboración é puntual e que teñen moi boa relación.

2ª-3ª-4ª-5ª e 6ª Á ausente ou deficiente adquisición e incorporación de novos exemplares ao catálogo das bibliotecas de Cambre dende a xubilación da súa titular, hai agora un ano, únese a noticia difundida desde o Concello de Cambre da contratación dunha empresa externa para realizar os labores de organización, clasificación e catalogación dos fondos bibliotecarios. Contratación que non sería necesaria se, desde o Goberno local de Cambre e a Concellería de Cultura se tivera actuado con dilixencia e anticipación á xeración do problema creado, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente:

- Tipo de procedemento de contratación escollido para a prestación do servizo de organización, clasificación e catalogación dos fondos bibliotecarios anunciado.
- Fase do procedemento no que nos atopamos a día de hoxe.
- Orzamento de licitación e, no seu caso, de adxudicación
- Duración prevista do dito contrato.
- Data na que a Concellería de Cultura prevé ter cuberta a praza de bibliotecaria.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que se tratou dun procedemento abreviado simplificado que foi adxudicado en 15.263 euros, sen IVE, 18.468,23 euros con IVE, cunha duración de un ano, e que o tribunal xa se está reunindo e avaliando as solicitudes, polo que presume que a persoa seleccionada se incorpore a comezos de maio.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2222 o día 19 de abril de 2021, xunto co rogo e coas preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª Este mes sacaron en prensa que son varias as pistas e instalacións deportivas ás que se realizarán mantementos proximamente.

Descoñecemos como se actúa dende o concello para decidir que pistas ou instalacións se amañan e cales non.

Como se establece a prioridade para a reparación deste tipo de instalacións?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que sempre se actúa seguindo criterios técnicos, que hai un técnico asignado precisamente a esta tarefa e que sempre a prioridade é a seguridade.

2ª No pleno pasado preocupámonos polo peche do complexo deportivo da Barcala e a pouca información que se estaba a dar tanto á veciñanza como ás persoas usuarias da instalación deportiva.

Que avances e novidades se fixo respecto a isto?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que dende o departamento de deportes seguen a traballar para reabrir o antes posible.